

COMITÉ INTERCENTROS DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL
XUNTA DE GALICIA

Proposta da CSIF para o establecemento de determinados criterios xerais na implantación de medidas preventivas, fronte ó covid-19, para o desenvolvemento do plan de reincorporación do persoal público

15 de maio de 2020

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

1

PROPOSTA DA CSIF PARA O ESTABLECIMENTO DE DETERMINADOS CRITERIOS XERAIS NA IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS PREVENTIVAS, FRONTE Ó COVID-19, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE REINCORPORACIÓN DO PERSOAL PÚBLICO

Dende CSIF non somos alleos á enorme dificultade e complexidade, tanto técnica como xurídica, que comporta o establecemento de medidas preventivas á hora de desenvolver o plan de reincorporación dos empregados públicos a súa actividade laboral.

Non obstante, á vista das numerosas e variadas propostas que neste eido se están desenvolvendo dende diferentes ámbitos da actividade administrativa, dende CSIF, e á vista deste compendio, entendemos como imprescindible e prioritario, o establecemento inequívoco duns criterios básicos e comúns respecto do campo de aplicación que deben rexer estas medidas, e en consecuencia, o rol ou o papel que debe asumir a PRL neste contexto excepcional e determinado. Así, este aspecto pode resultar a **clave** para poder configurar o conxunto de medidas que se deben poder propoñer, as responsabilidades que toca distribuír, así como o conxunto de dereitos e garantías que poidan repercutir nos empregados públicos.

Para formular esta proposta, adoptamos os criterios e as directrices establecidas pola Inspección de Traballo, como órgano fiscalizador da actividade preventiva laboral, así como as instrucións emitidas polo Ministerio de Sanidade, instrucións que cabe subliñar, son de carácter vinculante e obrigatorio, tal e como reflicte a propia Inspección de Traballo.

Os documentos ós que se fai referencia son os seguintes, os cales se achegan como anexo a esta proposta;

- Criterio Operativo da Dirección do Organismo Estatal Inspección de Traballo e SS nº102/2020 sobre medidas e actuacións da inspección de Traballo e Seguridade Social relativas a situacións derivadas do novo Coronavirus bautizado como SARS-CoV-2, o cal desencadea a enfermidade denominada COVID-19. (Documento que recolle os criterios a que deben someterse os inspectores de traballo á hora de exercer a súa función inspectora no referido as medidas preventivas adoptadas nos centros de traballo a consecuencia do SARS-CoV-2)
- Informe da Inspección de Traballo acerca do procedemento que deben desenvolver os inspectores ante denuncias en centros de traballo e actividades laborais por risco grave e inminente de exposición e contaxio por Coronavirus. (Interpretación normativa da

CSIF Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

COMITÉ INTERCENTROS DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL
XUNTA DE GALICIA

Proposta da CSIF para o establecemento de determinados criterios xerais na implantación de medidas preventivas, fronte ó covid-19, para o desenvolvemento do plan de reincorporación do persoal público

15 de maio de 2020

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

Inspección de Traballo respecto dun risco grave e inminente por exposición e contaxio por Coronavirus)

- Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ó SARS-CoV-2, do Ministerio de Sanidade. (Documento de carácter vinculante e obrigatorio para a actuación dos SPR froito da exposición ó Coronavirus)

2

O punto de partida radica coa publicación do RD 443/2020, de 14 de marzo, que supón a declaración do estado de alarma, e na que se dota ao Ministerio de Sanidade dunha serie de competencias ou prerrogativas excepcionais para ditar normas e instrucións, así como dispoñer dos medios públicos e privados que fosen precisos e necesarios. Así neste contexto específico, as instrucións do Ministerio de Sanidade constitúen o novo marco legal, na que de forma específica e polo que atinxe á PRL, pasa a configurarse fundamentalmente polas instrucións introducidas no procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2, anteriormente indicado.

Do mesmo xeito, é imprescindible apuntar que o Coronavirus xurde como un risco de carácter sanitario, epidemiolóxico ou de saúde pública, que sen dúbida, repercute nun forte impacto no ámbito doméstico, social e laboral, pero que pola contra, a referida catalogación fixo que só en determinados ámbitos profesionais adquirise o carácter de risco laboral o que comporta un cambio fundamental á hora de concibir, proceder e actuar en materia de PRL por parte de calquera empresa ou Administración, tal e como se desprende das indicacións establecidas pola Autoridade Sanidade e a Inspección de Traballo.

Así, como consecuencia deste novo marco legislativo e técnico en materia de PRL, no que atinxe de forma exclusiva á actuación ante o SARS-CoV-2 dende o punto de vista laboral, e de conformidade co establecido pola Inspección de traballo, **distínguese entre aquelas empresas ou Administracións que, pola súa natureza ou actividade, a exposición a este virus constitúe un risco laboral dende a perspectiva tradicional e aquelas outras na que o risco é considerado un risco sanitario non inherente á relación laboral e, en consecuencia, análogo ou similar ao existente no ámbito social e/ou doméstico.**

En función desta distinción, as actuacións en materia de prevención de riscos laborais deben adoptar un papel reactivo ou proactivo:

1.- Empresas ou Administracións no que o virus SARS-CoV-2 é considerado un risco biolóxico, e en consecuencia, un risco laboral/profesional;

CSI•F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

COMITÉ INTERCENTROS DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL
XUNTA DE GALICIA

Proposta da CSIF para o establecemento de determinados criterios xerais na implantación de medidas preventivas, fronte ó covid-19, para o desenvolvemento do plan de reincorporación do persoal público

15 de maio de 2020

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

3

Inclúense neste grupo de actuación a todas aquelas organizacións nas que a súa actividade deriva do tratamento, o contacto e/ou manipulación directa co referido virus. Así, poden incluírse neste grupo aos centros de asistencia socio-sanitaria.

A consecuencia desta cualificación e a súa importancia no ámbito laboral, deriva en que non só e aplicable a normativa básica en materia de PRL, senón que comporta unha ampliación desta, ao requirir outra normativa específica en materia de seguridade e saúde laboral, na que destaca con especial mención a aplicación do Real Decreto 664/1997, sobre protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.

2.- Empresas ou Administracións nas que o risco de exposición ó virus SARS-CoV-2 non é catalogada como de risco profesional, senón de risco sanitario;

Inclúense neste grupo ao resto de empresas e Administracións, nas que se deben adoptar de forma obrigada aquelas medidas que, eviten ou diminúan o risco sanitario, e que sexan acordadas e recomendadas polas autoridades sanitarias.

Así, inclúense entre outra moita normativa sanitaria aplicable para este caso, a Lei Orgánica 3/1986, de 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública así como aquelas instrucións ditadas polo Ministerio de Sanidade con carácter preceptivo, tal e como xa se comentou con anterioridade.

Neste último caso, cabe destacar non obstante, que a PRL, independente da cualificación do risco, non deixa de ser unha ferramenta moi importante e útil, aínda que cun papel moi diferente ao tradicional, tal e como se desprenden das instrucións -lembrems de carácter obrigatorio- respecto das funcións que deben acometer os SPR para a implantación das medidas sanitarias nos centros de traballo. A modo de resume e de forma moi sucinta, establécese que o SPR debe ser o instrumento complementario/colaborador que, de forma coordinada pola autoridade sanitaria, axude a implantar as correspondentes medidas sanitarias.

Consecuencia desta dicotomía (dúas formas de actuación en materia preventiva frote ao Covid-19), na Xunta de Galicia, podería xurdir, senón se define o criterio que rexe a actuación preventiva, certa confusión, descoordinación, comparación e incluso incongruencias ou contradicións á hora de concibir e formular as diferentes propostas, medidas e actuacións preventivas, toda vez que se entremezclan posturas dende unha perspectiva laboral e/ou sanitaria segundo poida convir ou interesar. A modo de exemplo, e para facilitar esta conceptualización, pódense expoñer algunhas cuestións nas que variarían o seu tratamento e/ou incidencia segundo o criterio preventivo adoptado:

CSIF Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

COMITÉ INTERCENTROS DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL XUNTA DE GALICIA

Proposta da CSIF para o establecemento de determinados criterios xerais na implantación de medidas preventivas, fronte ó covid-19, para o desenvolvemento do plan de reincorporación do persoal público

15 de maio de 2020

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

- A solicitude dunha adaptación de posto de traballo ou de adopción de medidas de protección especiais por ser colectivo vulnerable ao Covid-19, no que a asunción dun enfoque preventivo tradicional ou dun enfoque preventivo sanitario carrega un tratamento diferencial por parte dos SPR, aínda que, dende CSIF, sempre entendemos e defendemos que independentemente do enfoque adoptado, é imprescindible que a avaliación para o referido posto comporte de forma obrigada o informe do facultativo sanitario correspondente.
- O emprego das probas PCR ou outras análogas, que se ben dende o ámbito laboral non se conciben como unha medida específica de protección para os traballadores, dende unha perspectiva sanitaria son indispensables para a contención e control no contaxio do virus. De forma similar, ocorre coa confusión á hora do establecemento e proposta de determinadas medidas preventivas individuais, como por exemplo as máscaras hixiénicas ou quirúrxicas, toda vez que dende o ámbito laboral non poderían catalogarse como EPIs, (na medida que en ningún caso teñen por finalidade protexer ao traballador dun contaxio, senón evitar contaxiar ó resto de persoas), pero que sen embargo configúranse como unha medida básica sanitaria para o control na propagación epidemiolóxica.
- Do mesmo xeito, ocorre cos procedementos de avaliación de riscos, xa que no caso de ser considerado un risco laboral é de aplicación a propia LPRL agravada incluso pola súa normativa específica en riscos biolóxicos, a diferenza dos riscos de avaliación específicos para o coronavirus que encomenda o Ministerio de Sanidade para o caso de riscos sanitarios, que delimita ou cingue a función do SPR a colaborar coa autoridade sanitaria para trasladar os criterios e recomendacións desta ó ámbito laboral. É dicir, dende esta última perspectiva, asúmese que os factores e indicadores que identifican a forma e a posibilidade de contaxio non varían en función da actividade laboral, senón unicamente por mor da posibilidade de contaxio en función dos parámetros que, en cada momento, facilita a respectiva autoridade sanitaria.

4

En definitiva, como se pode comprobar, a asunción dun criterio ou outro, incide nas medidas que hai que adoptar, no propio rol da actividade preventiva e do marco legislativo aplicable, motivo polo que parece razoable solicitar que se concrete e clarifique o ámbito preventivo e, en consecuencia, o marco legislativo que rexerán cada unha das propostas e/ou protocolos que recollan as medidas preventivas concretas para cada sector de actividade.

CSI•F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

COMITÉ INTERCENTROS DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL XUNTA DE GALICIA

Proposta da CSIF para o establecemento de determinados criterios xerais na implantación de medidas preventivas, fronte ó covid-19, para o desenvolvemento do plan de reincorporación do persoal público

15 de maio de 2020

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

5

Ademais do criterio xeral anteriormente mencionado, achegamos outro criterio xeral que entendemos que debería rexer todo o proceso de reincorporación do persoal público consistente na propia finalidade ou obxecto da Administración Pública. É dicir, namentres que para calquera empresa privada e a propia Administración configúrase nunha obriga ou deber a protección da seguridade e saúde dos seus traballadores, é moi importante ter en conta que no caso da Administración Pública (a propia Xunta), diferenciase radicalmente en que, aparte de configurarse como un deber, configúrase como o propio fin da actuación administrativa (o interese público), e en consecuencia, ten como finalidade fundamental a potestade de velar pola saúde pública, motivo polo que as medidas preventivas que estableza deben dotarse da maior maior garantía e amplitude posible, para dar cumprimento a esa potestade atribuída.

Esta acepción non é unha simple reflexión teórica senón que conleva unha clara vertente práctica, xa que se debe traducir na asunción de criterios técnicos que permitan a posibilidade de reducir o risco epidemiolóxico na súa máxima expresión, polo que incide directamente nas medidas que se deberían adoptar (o teletraballo como modalidade xeralizada, no que as excepcións serían debidamente motivadas, e non ao revés; unha maior amplitude en canto ó período tempo establecido para as diferentes fases de incorporación do persoal público para avaliar o seu impacto, xa que non se rexe por criterios fundamentalmente produtivos, etc).

Por último, e como medida específica, dada a necesidade dispoñer de forma constante, actualizada e permanente daqueles criterios científicos e sanitarios que axuden a facer fronte ó Covid-19, solicitamos que se proceda á adscrición temporal voluntaria de persoal especialista sanitario da Consellería de Sanidade ao propio servizo de prevención de riscos da Xunta de Galicia como medida de apoio, seguimento, actualización e coordinación na implantación das diferentes medidas preventivas propostas.

CSI•F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia